

UNHA NOVA ANÁLISE DA FECUNDIDADE DIFERENCIAL URBANA - NON URBANA NA PROVINCIA DE OURENSE NO PERÍODO INTERCENSUAL 1981 - 1991¹

Ramón Vaamonde Porto e Pablo Viso Outeiriño

Universidade de Santiago de Compostela

1. INTRODUCCIÓN

O presente traballo é de carácter demográfico. A análise da fecundidade ten por obxecto medir e illa-los factores dos que depende a natalidade. O estudo dos determinantes económicos, sociais, biolóxicos, etc. do fenómeno, ó mesmo tempo que extralimitan á propia análise demográfica dependen desta para chegar a algún resultado.

É coñecido que os datos censuais de 1981 e padroais de 1986 relativos á provincia de Ourense están sobrevalorados nunha medida non desprezable, e que estes erros se concentran case na súa totalidade nas áreas non urbanas². Neste estudio propoñemos unha nova análise da fecundidade diferencial urbana - non urbana, baseada en datos estimados da poboación feminina en idade fértil nos anos 1981 e 1986.

2. ESTIMACIÓN DOS DATOS DE MULLERES FÉRTILES EN 1986 E 1981

Co obxectivo de nos aproximar ó número total e á estrutura por idades da poboación feminina en idade fértil no ano 1986, partimos do grupo de mulleres de idades comprendidas entre 20 e 54 anos en 1991 e aplicamos retrospectivamente o método dos superviventes. Posteriormente corriximos estas cifras en función dos movementos migratorios acontecidos no período, co fin de adecualas a unha poboación aberta. No caso do ano 1981 o procedemento é análogo, tomando como base os datos estimados para 1986.

2.1. Rexuvenecemento da poboación feminina de 1991: aplicación retrospectiva do método dos superviventes

O método dos superviventes, tamén coñecido como método da poboación esperada, emprégase, polo xeral, co obxectivo de obter unha estimación indirecta da migración neta. Ó igual que outros procedementos residuais que pretenden chegar a unha aproximación dos

¹ Esta comunicación pretende difundir parte dos resultados do proxecto de investigación *Desenvolvemento rexional e rural en Ourense (2ª fase)*, financiado pola Fundación Florencio Álvarez (Ourense).

² Identificámo-la poboación urbana coa do concello de Ourense, e a non urbana co resto da poboación provincial.

saldos migratorios, o dos superviventes supón que coñecemos-lo número de persoas que compoñen a poboación ó inicio e ó final do período analizado. Mediante a aplicación dunhas condicións de mortalidade á poboación inicial obtense a esperada ó final do intervalo temporal (aplicación prospectiva). A diferenza entre a poboación esperada, calculada baixo o suposto de ausencia de migracións, e a observada pola estatística, identifícase coa contía da migración neta. Os resultados acadados dependen da medida en que as probabilidades de supervivencia utilizadas reflictan os niveis de mortalidade e da calidade dos recontos poboacionais.

Tanto os datos censuais de 1981 como os padroais de 1986 relativos á poboación da provincia de Ourense están sobrevalorados en proporcións significativas, o que implica que o método só se pode aplicar retrospectivamente, por se-lo ano 1991 a única base aparentemente sólida. É evidente que no caso desta provincia galega non ten sentido comparalos resultados do método coas poboacións observadas en 1981 e 1986. Sen embargo, a obtención dunha cifra de poboación esperada permitirá achegármonos a unha valoración da contía de mulleres fértiles e a súa estrutura por idades nas datas censuais e padroais citadas.

A probabilidade de supervivencia entre intervalos de idades calcúlase a partir da serie de anos vividos (L_x) dunha táboa de vida³. Os cocientes de mortalidade necesarios para achegármonos ó valor das L_x na provincia, na zona urbana e na rural, estimáronse segundo o método de Greville⁴ a partir das correspondentes taxas específicas de mortalidade.

Dado que as condicións de mortalidade non son susceptibles de cambios notables en períodos curtos de tempo, o cálculo dunha serie de probabilidades de supervivencia para un dos anos obxecto de estudo podería constituír unha descrición aceptable do período. Sen embargo, debemos ter en conta que os datos de defuncións segundo idades e sexo son de moi pequena magnitude, están suxeitos en grande medida ós erros de recuento e tamén ás posibles perturbacións que nun ano determinado e excepcionalmente poidan afectar ó fenómeno⁵. Co obxecto de atenuar estes efectos procedeuse a efectua-lo cálculo da media de mortos dunha serie de anos (centrámonos en cada un dos anos extremos do período e tomámo-lo valor medio de ámbolos dous resultados)⁶ e, complementariamente, á ampliación espacial da área poboacional menos numerosa (considerar, soamente para o cálculo das series de supervivencia, a comarca de Ourense⁷ no canto do concello).

Cómpre observar que a proximidade entre as cifras que achegan as áreas urbana e non urbana permitiría empregar-las probabilidades provinciais en ámbalas dúas zonas sen alterar

³ Ver, por exemplo, Vinuesa, J. (editor), Zamora, F. e outros: *Demografía. Análisis y proyecciones*. Síntesis. Madrid, 1994, pp. 54-64.

⁴ Namboodiri, K. e Suchindran C.M.: *Life table techniques and their applications*. Academic Press, inc. Wisconsin, 1987. Pp 20-31.

⁵ INE: *Tablas de mortalidad de la población española 1990-1991*. Pp. 9-10.

⁶ Respecto ó inicio do intervalo a media céntrase en 1982 en vez de en 1981, por non dispor dos datos de 1980; polo tanto, as cifras finais dependen dos datos sobre defuncións clasificados por sexos e idades en 1981, 1982, 1983, 1990, 1991 e 1992).

⁷ Segundo os límites definitivos do mapa comarcal de Galicia, aprobado en febreiro de 1997, a comarca de Ourense está formada polos seguintes doce concellos: Amoeiro, Barbadás, Coles, Esgos, Nogueira de Ramuín, Ourense, Pereiro de Aguiar, A Peroxa, San Cibrao das Viñas, Taboadela, Toén e Vilamarín.

significativamente o resultado final. De tódolos xeitos, aceptamos que as probabilidades de supervivencia acadadas para o sexo feminino son descritivas das condicións medias de mortalidade en cada unha das tres áreas territoriais obxecto de análise: a provincia de Ourense, o concello de Ourense (urbano) e o resto da provincia (non urbano), no período estudado.

Cadro 1: Probabilidades medias de supervivencia femininas necesarias para o cálculo das mulleres fértiles de Ourense nos anos 1986 e 1981.

Idades (anos)	Probabilidades de supervivencia		
	Na provincia	Na área urbana	Na área non urbana
20-24	0,99837	0,99820	0,99840
25-29	0,99757	0,99699	0,99790
30-34	0,99642	0,99576	0,99691
35-39	0,99489	0,99522	0,99469
40-44	0,99211	0,99141	0,99246
45-49	0,98828	0,98661	0,98912
50-54	0,98457	0,98293	0,98517
55-59	0,97695	0,97272	0,97854

Fonte: elaboración propia a partir das seguintes estatísticas: INE: Censos de 1981 e 1991. Dirección Xeral de Saúde Pública: Base de datos sobre as defuncións anuais nos concellos de Ourense, 1981-1991.

Ó tomarmos como base o ano 1991, as probabilidades de supervivencia dos grupos de idades comprendidos entre 20 e 54 anos son necesarias para calcula-lo número potencial de mulleres en condicións físicas de ter fillos, no ano 1986 (divídese a poboación feminina entre 20 e 54 anos en 1991, distribuída por grupos quinquenais, entre as súas respectivas probabilidades de supervivencia, e como resultado témo-las mulleres fértiles de cinco anos antes baixo o suposto de poboación pechada). A probabilidade asignada ó grupo de 55 a 59 anos serve para estima-lo número de mulleres que en 1986 tiñan entre 50 e 54 anos, dato imprescindible para obte-lo grupo final de poboación feminina fértil no ano 1981.

2.2. Corrección da poboación feminina rexuvenecida en función dos movementos migratorios (cuantificación e distribución por sexos e idades)

Indicabamos, na alínea anterior, que o método da poboación esperada nos permitía achegarnos á contía e estrutura por idades das mulleres fértiles en 1986, en ausencia de migracións. O seguinte paso, a reestimación deste grupo nunha poboación aberta, non é inmediato. Está condicionado, en moita maior medida, polos datos dispoñibles. Por unha banda, hai que considera-la calidade altamente cuestionable das cifras oficiais sobre movementos migratorios, e, por outra, temos que o tamaño da unidade territorial é directamente proporcional á dispoñibilidade de datos. Este último factor obriga á asunción dunha maior cantidade de supostos para o caso da estimación nas áreas urbanas e rurais ca para o caso provincial.


Desde o punto de vista das estatísticas, o fenómeno migratorio caracterízase, entre outros elementos, pola súa difícil concreción conceptual e cuantificación. Nos intervalos temporais e áreas obxecto de análise, podémonos achegar á súa valoración a partir dunha serie

de rexistros de movementos migratorios⁸ complementarios entre si (estatística de variacións residenciais, de emigración española asistida e de baixas consulares) e, parcialmente, a través das estatísticas de migrantes⁹.

Para a década dos oitenta podemos coñece-lo total de migracións de entrada e saída na provincia e a contía dos fluxos no seu interior, pero non a súa distribución por concellos. As táboas orixe-destino das migracións que toman como unidade o municipio e os datos clasificados por sexos e idades, tanto municipais como provinciais, publícanse por vez primeira no ano 1994¹⁰ e achegan cifras relativas ó ano 1992.

A carencia de datos clasificados por sexos e idades, tanto para a provincia como para os municipios, implica establecer unha hipótese sobre a participación das mulleres fértiles, por grupos de idades, no total das migracións. Supuxemos que esta foi similar á participación media no período 1992-94.

Gráfico 1: Participación das mulleres fértiles nas migracións



Fonte: elaboración propia a partir dos datos da publicación anual IGE: *Movementos migratorios de Galicia. Datos municipais e provinciais*

Coñecidos os resultados acadados polo método dos superviventes, a contribución por idades das mulleres fértiles nas correntes migratorias e o número total de migracións de

⁸ Os rexistros de movementos migratorios entre a provincia de Ourense e o resto do mundo aparecen recompilados polo Instituto Galego de Estatística (IGE) na súa publicación: *Movementos migratorios de Galicia. Series estatísticas 1962-1991* Santiago de Compostela, 1993.

⁹ É unha estatística incluída nos censos de poboación. Pola súa natureza, soamente cuantifica inmigrantes (achega cifras sobre a localización dos individuos nunha data anterior ó momento da observación). Sen embargo, hai que ter en conta que o número de inmigrantes intraprovinciais é idéntico á contía de emigrantes con destino na propia provincia.

¹⁰ IGE: *Movementos migratorios de Galicia 1992. Datos municipais e provinciais* Santiago de Compostela, 1994. Esta publicación é o inicio dunha serie anual con continuidade hoxe en día.

entrada e saída, témo-los elementos necesarios para nos achegar á contía e estrutura por idades deste segmento poboacional na provincia de Ourense, nos anos 1986 e 1981¹¹.

Cadro 2: Poboación feminina fértil por grupos de idade na provincia de Ourense en 1986 e 1981.

Idades	Poboación feminina 1986			Poboación feminina 1981		
	esperada	SM estimado	Corrixida	esperada	SM estimado	corrixida
15-19 anos	11614	-145	11759	10902	-136	11038
20-24 anos	10666	-218	10884	10783	-211	10994
25-29 anos	10629	-138	10767	9693	-156	9849
30-34 anos	9645	-16	9662	9958	-53	10011
35-39 anos	10017	98	9920	10505	45	10460
40-44 anos	10659	220	10438	10125	139	9986
45-49 anos	10299	271	10029	13531	179	13352
TOTAL	73529	72	73457	75497	-193	75690

Fonte: elaboración propia a partir das seguintes estatísticas: INE: Censo de 1991. IGE (1993): Movements migratorios de Galicia. Series estatísticas 1962-1991. IGE: Movements migratorios de Galicia. Datos municipais e provinciais, Anos 1992, 1993, 1994 (tres volumes). Dirección Xeral de Saúde Pública: Base de datos sobre as defuncións anuais nos concellos de Ourense, 1981-1991.

Respecto da área urbana (concello de Ourense) as estatísticas dispoñibles achegan datos sobre o número total de inmigrantes¹² pero ignoran totalmente os emigrantes ou movementos que teñen esta orixe. A valoración destes fíxose a partir da desagregación espacial das cifras provinciais mediante o estimador sintético de Purcell e Linacre, e da aplicación ó período intercensal da distribución municipal media dos movementos emigratorios acontecidos nos primeiros anos da década dos noventa¹³.

Cadro 3: Poboación feminina fértil por grupos de idade na área urbana en 1986 e 1981.

Idades	Poboación feminina 1986			Poboación feminina 1981		
	Esperada	SM estimado	corrixida	esperada	SM estimado	corrixida
15-19 anos	4114	-37	4151	3945	-19	3964
20-24 anos	3886	-49	3934	3904	-23	3927
25-29 anos	3892	-8	3900	3679	5	3674
30-34 anos	3694	34	3660	3677	31	3646
35-39 anos	3737	73	3664	3437	54	3384
40-44 anos	3542	126	3416	2759	88	2670
45-49 anos	2874	146	2729	3238	101	3137
TOTAL	25739	284	25455	24639	237	24402

Fonte: idem cadro 2.

A contía de mulleres fértiles por grupos de idades na área non urbana obtense pola diferenza entre os resultados provinciais e os da zona urbana.

¹¹ A poboación feminina en 1981 obtense a partir da de 1986 corrixida. Esta última identifícase coa diferenza entre a esperada e o saldo migratorio.

¹² Aparecen recollidos no censo de poboación de 1991 (INE).

¹³ A descrición detallada dos procedementos seguidos publicarase antes de finais de 1998, nun documento de traballo editado polo IDEGA que sairá co título de: *A dinámica da poboación de Ourense. Estimación orixinal e tipoloxía comarcal e municipal.*

Cadro 4: Poboación feminina fértil por grupos de idade na área non urbana en 1986 e 1981.

Idades	Poboación feminina 1986			Poboación feminina 1981		
	Provincial	Urbana	Non urbana	Provincial	Urbana	Non urbana
15-19 anos	11759	4151	7607	11038	3964	7074
20-24 anos	10884	3934	6949	10994	3927	7068
25-29 anos	10767	3900	6866	9849	3674	6175
30-34 anos	9662	3660	6001	10011	3646	6365
35-39 anos	9920	3664	6255	10460	3384	7076
40-44 anos	10438	3416	7022	9986	2670	7315
45-49 anos	10029	2729	7300	13352	3137	10215
TOTAL	73457	25455	48002	75690	24402	51288

Fonte: idem cadro 2.

3. EVOLUCIÓN DA FECUNDIDADE DIFERENCIAL URBANA – NON URBANA NA PROVINCIA DE OURENSE NO PERÍODO INTERCENSUAL 1981-1991

A caída da fecundidade adquire especial relevancia na determinación do desenvolvemento demográfico galego na década dos oitenta. En Galicia, igual que en España e os países do sur de Europa, a natalidade caracterízase durante a década dos sesenta e ata mediados dos setenta pola súa estabilidade. Nestas datas comeza un descenso continuado ata os nosos días, que conducirá a España a un dos niveis de fecundidade máis baixos do mundo e situará a Galicia por debaixo da media española e a Ourense por debaixo da galega¹⁴.

Se nos centramos no último período intercensual, a segunda metade da década dos oitenta caracterízase, tanto en España coma en Galicia, pola ralentización do ritmo da caída da natalidade. A evolución dos nacementos respecto á poboación total na provincia de Ourense non responde exactamente a esta pauta, senón que vén marcada por un descenso continuo e de intensidade case constante ó longo de todos estes anos. Sen embargo, ó discriminala área urbana do resto, obsérvase que o ritmo e os niveis da liña evolutiva provincial veñen determinados polo que acontece no espacio rural, mentres que a natalidade no espacio urbano se sitúa por riba da media galega e cun comportamento moi similar a esta.


¹⁴ DOPICO, F. LOSADA, A.: “Tendencias demográficas de un país de antiguos emigrantes”. *Papeles de economía española*. Economía de las Comunidades Autónomas. Galicia. 1996. Fundación FIES, pp.71-81.

FERNÁNDEZ LEICEAGA, X.: *Fecundidade e actividade en Galicia, 1970-1993*, Documento de traballo. Área de Economía Aplicada, IDEGA, 1996, pp. 8-17.

LÓPEZ, A: *A poboación galega entre 1960 e 1991*. Consorcio da Zona Franca de Vigo, 1996, pp 187-210.

PUYOL, R. (editor), CABRÉ, A. e outros: *Dinámica de la población en España. Cambios demográficos en el último cuarto del siglo XX*. Colección Espacios y sociedades. Serie mayor nº 7. Síntesis, Madrid, 1997, pp. 91-110.

Gráfico 2: Taxa bruta de natalidade en Galicia. Ourense: provincia, área urbana e área non urbana, nos anos 1981, 1986 e 1991



Fonte: elaboración propia a partir da base de datos sobre nacementos, solicitada ó IGE, e datos de poboación en 1991, do INE, e poboacións corrixidas en función de datos estimados, anos 1981 e 1986.

Se se considera que soamente unha fracción limitada da poboación está en condicións de ter fillos, advírtese que é preciso illa-lo efecto da estrutura poboacional incorporado nos valores do índice de natalidade. Neste sentido, as taxas globais de fecundidade xeral (TGFX) supoñen un paso intermedio, frecuentemente utilizado, entre as taxas brutas de natalidade (TBN) e as de fecundidade por grupos de idades (TFI). O cálculo das TGFX non sempre está xustificado analiticamente. Na comparación de dúas ou máis poboacións só é necesario cando a proporción de mulleres fértiles difire significativamente dunhas a outras, xa que doutro xeito non achegarían nada respecto ás TBN¹⁵. No noso caso o emprego das TGFX vén aconsellado por dous motivos: por tratarse de poboacións pequenas¹⁶ e porque a experiencia demográfica sinala que o peso relativo dos adultos nas cidades é significativamente maior ca nas zonas rurais. Este último elemento implica que en igualdade de condicións, unha cidade ten unha natalidade superior á dunha zona rural.

Cadro 5: Evolución das TGFX (en tantos por mil) en Galicia e Ourense no período 1981-1991

	1981	1986	1991
Galicia	57,2	41,1	33,7
Provincia de Ourense	50,1	39,4	31,1
Área urbana	59,5	42,2	35,8
Área non urbana	45,6	38,0	28,4

Fonte: idem gráfico 2

As TGFX non alteran nin a baixada xeneralizada nos catro espazos nin as posicións relativas amosadas polas TBN. En función deste novo indicador poderíase falar de peque-

¹⁵ TAPINOS, G.: *Elementos de demografía*. Espasa Calpe, Madrid, 1988, pp. 121-126., PRESSAT, R.: *El análisis demográfico. Conceptos-métodos-resultados*. Fondo de Cultura Económica, Madrid, 1993, pp. 194-197.

¹⁶ PRESSAT, R.: op. cit., p. 197.

nas diferencias que alteran os ritmos e os graos de converxencia sinalados pola evolución da natalidade, pero a súa magnitude non é suficiente para afondar moito neste aspecto. A súa explicación atópase na constatación de que no espazo rural a proporción de mulleres fértiles é sistematicamente menor ca no urbano (a primeira preto dun 19% durante todo o período, e a segunda estabilizada nun 25% aproximadamente) e na diferente distribución por idades, en cada unha das áreas, do grupo de mulleres en condición de ter fillos. A grande variabilidade da fecundidade no interior do intervalo 15-49 anos require de indicadores que eliminen este efecto da estrutura. Para a comparación dos niveis de fecundidade das diferentes poboacións valerémonos das TFI e de indicadores resumo do calendario (idade media á maternidade, IMM) e da intensidade do fenómeno (índice sintético de fecundidade, ISF).


A seguir presentámo-los cadros e gráficos que consideramos máis representativos, xunto cun comentario moi esquemático dos resultados que presentan.

Cadro 6: Evolución da fecundidade en Galicia, no período 1981-91.

Idades	Taxas de fecundidade por idades (tantos por mil)		
	1981	1986	1991
15-19 anos	38,98	24,27	13,76
20-24 anos	124,12	82,24	56,07
25-29 anos	117,10	85,37	78,84
30-34 anos	70,83	53,57	54,03
35-39 anos	36,42	23,33	20,81
40-49 anos	5,54	3,82	2,52
ISF	1,99	1,34	1,14
IMM	27,23	27,34	28,09

Fonte: elaboración propia a partir de datos publicados ou solicitados ó IGE e ó INE

Gráfico 3: Taxas de fecundidade por grupos de idades en Galicia nos anos 1981, 1986 e 1991




Cadro 7: Evolución da fecundidade en Ourense no período 1981-91.

Idades	Taxas de fecundidade por idades (tantos por mil)		
	1981	1986	1991
15-19 anos	34,43	21,69	13,34
20-24 anos	116,88	85,08	52,01
25-29 anos	103,67	82,76	76,72
30-34 anos	66,73	53,93	50,31
35-39 anos	28,97	23,09	18,01
40-49 anos	5,61	3,66	2,14
ISF	1,75	1,37	1,07
IMM	27,20	27,38	27,99

Fonte: ídem cadro 6.

Gráfico 4: Taxas de fecundidade por grupos de idades na provincia de Ourense nos anos 1981, 1986 e 1991



Cadro 8: Evolución da fecundidade na área urbana da provincia de Ourense, 1981-91.

Idades	Taxas de fecundidade por idades (tantos por mil)		
	1981	1986	1991
15-19 anos	33,04	20,96	11,65
20-24 anos	118,68	76,50	55,57
25-29 anos	114,59	89,74	90,67
30-34 anos	78,99	61,47	64,05
35-39 anos	32,51	24,29	19,55
40-49 anos	6,20	3,74	2,63
ISF	1,95	1,40	1,23
IMM	27,50	27,71	28,30

Fonte: ídem cadro 6.

Cadro 9: Evolución da fecundidade na área non urbana da provincia de Ourense, 1981-91.

Idades	Taxas de fecundidade por idades (tantos por mil)		
	1981	1986	1991
15-19 anos	35,20	22,08	14,29
20-24 anos	115,88	89,94	50,06
25-29 anos	97,17	78,79	68,72
30-34 anos	59,70	49,32	42,40
35-39 anos	27,27	22,38	17,04
40-49 anos	5,42	3,63	1,88
ISF	1,73	1,35	0,98
IMM	27,03	27,17	27,75

Fonte: ídem cadro 6.

Gráfico 5: Taxas de fecundidade por grupos de idades na zona urbana da provincia de Ourense nos anos 1981, 1986 e 1991





Gráfico 6: Taxas de fecundidade por grupos de idades na zona non urbana da provincia de Ourense nos anos 1981, 1986 e 1991




Durante a década dos oitenta prodúcese, tanto en Galicia coma na provincia de Ourense, un descenso na intensidade da fecundidade (ISF) simultáneo a un aumento da idade media á maternidade (IMM). O ISF é un indicador do momento que reflicte o número medio de fillos por muller ¹⁷. Permite unha comparación rápida entre poboacións en termos de reemprazo xeracional (valor establecido en 2,1 fillos por muller, para ter en conta a mortalidade). A intensidade da fecundidade da provincia de Ourense, durante os anos oitenta, parte dun nivel inferior ó 2,1, e evoluciona afastándose rapidamente del. A tendencia é común á marcada polo conxunto de Galicia e de España, e os seus valores sitúanse por debaixo da media galega e da española; neste último caso non será ata 1981 cando se deixe de garantir o reemprazo xeracional.

¹⁷ O ISF refírese a unha xeración ficticia que mantería as mesmas taxas de fecundidade durante a súa vida e calcúlase en ausencia de mortalidade. O seu carácter conxuntural determina que poida variar baixo os efectos do calendario (o feito de que as mulleres teñan fillos antes ou despois) ó tempo que segue as variacións tendenciais da intensidade (que se teñan máis ou menos fillos).

Dun xeito xeral podemos afirmar que as evolucións das respectivas taxas específicas por idades en Galicia e Ourense (incluíndo a área urbana e a non urbana) son moi similares entre si. As gráficas caracterízanse por un perfil cada vez máis achatado, como consecuencia dun descenso xeneralizado da fecundidade en tódalas idades, que vai acompañado dun atraso no valor modal: no inicio do intervalo as taxas máis altas situábanse nas primeiras idades e co avance do tempo vaise producindo un aumento da intensidade relativa da fecundidade en idades máis tardías.

Os niveis de fecundidade acadados pola provincia están determinados, en grande medida, polos valores extremadamente baixos que presenta a área rural, que escurecen o mellor comportamento da área urbana, por riba dos valores indicados para o conxunto de Galicia.

Gráfico 7: Taxas de fecundidade por idades en Galicia en 1981, 1986 e 1991



Fonte: ídem cadro 6.

Gráfico 8: Taxas de fecundidade por idades en Ourense en 1981, 1986 e 1991






Gráfico 9: Taxas de fecundidade por idades na área urbana en 1981, 1986 e 1991



Fonte: ídem cadro 6.

Gráfico 10: Taxas de fecundidade por idades na área non urbana en 1981, 1986 e 1991



Durante o decenio intercensual, o comportamento reproductivo do grupo 20-24 é o elemento clave na explicación da evolución da fecundidade, independentemente do espazo que esteamos a considerar. A caída vertixinosa das taxas de fecundidade neste grupo determinan o atraso do calendario e a redución da maternidade. En tódolos espazos parte como o segmento poboacional máis prolífico cuns valores aproximados ó 120 por mil, e chega, ó final do período, a cifras comprendidas na franxa limitada polo 50 e 60 por mil.

Os ritmos da caída varían no espazo e no tempo. A liña que presenta a área urbana é similar á do total de Galicia, e caracterízase por unha lixeira ralentización no seu descenso na segunda metade da década. Ademais, esta caída na área urbana vese compensada por unha recuperación do comportamento reproductivo nos grupos quinquenais comprendidos entre os 25 e os 34 anos. No caso de Galicia o comportamento do tramo de 30 a 34 amortece o lixeiro descenso que se rexistra entre os 25 e os 29 anos.

Na área rural acontece un proceso diferente. As taxas de fecundidade entre 20 e 24 anos aceleran o seu ritmo de baixada no quinquenio 1986-1991, unido a un comportamento en liña descendente do resto de grupos que demandan un maior número de fillos. A evolución rexistrada na zona rural condiciona, unha vez máis, a provincial, que amosa tendencias similares lixeiramente suavizadas pola dinámica urbana.

BIBLIOGRAFÍA

- Botella Llusía, J.; Del Campo Urbano, S. (Ed.) (1997): *La explosión demográfica y la regulación de la natalidad*. Madrid: Editorial Síntesis.
- Del Campo, S.; Navarro López, M. (1987): *Nuevo análisis de la población española*. Madrid: Ariel Sociología. Editorial Ariel.
- Dopico, F.; Losada, A. (1996): "Tendencias demográficas de un país de antiguos emigrantes", *Papeles de Economía Española*. Serie Economía de las Comunidades Autónomas: Galicia, nº. 16, pp. 71-81.
- Fernández Leiceaga, X. (1996): *Fecundidade e actividade en Galicia, 1970-1993*, Documento de traballo, Área de Economía Aplicada, IDEGA.
- Ferrer Regales, M. (1975): *La población, entre la vida y la muerte*. Barcelona: Editorial Prensa Española, Editorial Magisterio Español.
- Gérard, H.; Wunsch, G. (1975): *Demografía*. Madrid: Ediciones Pirámide.
- Gil Alonso, F.; Cabré, A. (1997): "El crecimiento natural de la población española y sus determinantes", en Puyol, R. (Ed.): *Dinámica de la población española. Cambios demográficos en el último cuarto del siglo XX*. Madrid: Síntesis.
- Girard, A. (1986): *El hombre y la masa. Consecuencias de la revolución demográfica*. Madrid: Espasa Universidad, Espasa Calpe.
- Henry, L. (1983): *Manual de demografía histórica. Técnicas de análisis*. Barcelona: Editorial Crítica.
- Instituto Galego de Estatística (s/d): *Censo de poboación e vivendas 1991. Resultados provisionais (mostra-avance). Galicia*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Consellería de Economía e Facenda.
- (1993): *Movements migratorios de Galicia. Series estadísticas 1962-1991*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Consellería de Economía e Facenda.
- (1994): *Movements migratorios en Galicia 1992. Datos municipais e provinciais*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Consellería de Economía e Facenda.
- (1995): *Movements migratorios en Galicia 1993. Datos municipais e provinciais*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Consellería de Economía e Facenda.
- (1997): *Movements migratorios en Galicia 1994. Datos municipais e provinciais*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Consellería de Economía e Facenda.

- Instituto Nacional de Estadística (1993): *Tablas de mortalidad de la población española 1900-1991*. Madrid: Instituto Nacional de Estadística.
- Jacquard, A. (1994): *La explosión demográfica*. Madrid: Debate Dominós.
- Leguina, J. (1992): *Fundamentos de demografía*. 5ª edición. Madrid: Siglo veintiuno de España Editores.
- Livi-Bacci, M. (1993): *Introducción a la Demografía*. Barcelona: Ariel Historia. Editorial Ariel.
- (1990): *Historia mínima de la población mundial*. Barcelona: Ariel Historia. Editorial Ariel.
- (1988): *Ensayo sobre la historia demográfica europea. Población y alimentación en Europa*. Barcelona. Ariel Historia. Editorial Ariel.
- Livi-Bacci, M.; Del Panta, L. (1990): *La cuestión demográfica*. Barcelona: Colección El mundo contemporáneo –Serie Economía e Historia- Oikos-tau.
- López, A. (1996): *A poboación galega entre 1960 e 1991*. Vigo: Consorcio da Zona Franca de Vigo.
- López Taboada, J. A. (1996): *La población de Galicia 1860-1991. Crecimiento, movimiento natural y estructura de la población de Galicia*. A Coruña: Serie Informes Sectoriales 10. Fundación Caixa Galicia.
- Nadal, J. (1991): *La población española. Siglos XVI a XX*. 4ª edición. Barcelona: Editorial Ariel.
- Namoodiri, K.; Suchindran, C. M. (1987): *Life table techniques and their applications*. Wisconsin inc.: Academic Press.
- Pressat, R. (1977): *La práctica de la demografía*. Madrid: Fondo de Cultura Económica.
- (1979): *Demografía estadística*. Barcelona: Editorial Ariel.
- (1983): *Los métodos en demografía*. Barcelona: Oikos-tau.
- (1985): *Introducción a la demografía*. Barcelona: Editorial Ariel.
- (1993): *El análisis demográfico. Conceptos-métodos-resultados*. Madrid: Fondo de Cultura Económica.
- Puyol Antolín, R. (1996): *La población española*. 2ª edición. Madrid: Editorial Síntesis.
- (1990): *Población y espacio. Problemas demográficos mundiales*. 7ª reimpresión de la 2ª edición. Madrid: Cuadernos de Estudio. Serie: Geografía. Editorial Cincel.
- Rodríguez Osuna, J. (1985): *Población y territorio en España. Siglos XIX y XX*. Madrid: Espasa Universitaria-Sociología. Espasa Calpe.
- Tapinos, G. (1988): *Elementos de demografía*. Madrid: Espasa Universidad, Espasa Calpe.
- Vallin, J. (1995): *La demografía*. Madrid: Alianza Universidad, Alianza Editorial.
- (1995): *La población mundial*. Madrid: Alianza Universidad, Alianza Editorial.
- Vinuesa Angulo, J. (Ed.), Zamora, F., Génova, R., Serrano, P. e Recaño, J. (1994): *Demografía. Análisis y proyecciones*. Madrid: Síntesis.
- Viso, P. ; Vaamonde, R. (en prensa): *A dinámica da poboación de Ourense. Estimación orixinal e tipoloxía comarcal e municipal*, Documento de traballo, Área de Economía Aplicada, IDEGA.
- Weeks, J. R. (1993): *Sociología de la población*. Madrid: Alianza Universidad Textos, Alianza Editorial.